



## **ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO.**

### **Artigo 1. Fundamentos e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “taxa por recollida de lixo”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

### **Artigo 2. Feito imponible.**

1.-Constitúe o feito imponible da taxa a prestación (175) do servizo de recepción obrigatoria (176) de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.-Para tal efecto, considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais e vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, cascallos de obras, desfeitos humanos, materia e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

### **Artigo 3. Suxeitos pasivos.**

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario (178).

2.-Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

### **Artigo 4. Responsables.**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5. Cota tributaria.**

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, praza, rúa ou vía pública onde estean situados aqueles.

Para tal efecto, aplícarase a seguinte tarifa:



Por cada vivenda: na actualidade a cota é de 47,35€, facendo a redución de 2,55€, queda unha cota de 44,80€.

Por establecementos: na actualidade a cota é de 47,35€, facendo a redución de 2,55€, queda unha cota de 44,80€.

Anualmente aumentarase a tarifa na porcentaxe que aumente o custo da vida.

As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a un ano.

#### **Artigo 6. Devindicación.**

Devindícase a taxa e nace a obriga de contibuir dende o momento no que se inicie a pretación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria deste, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo nas rúas e lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse dentro do primeiro trimestre do ano.

#### **Artigo 7. Declaración e ingreso.**

As altas durante o exercicio poduciránse dende o momento no que se inicie, a partir do 30 de xuño, corarase só a metade da tarifa que lle corresponda para ese ano.

#### **Artigo 8. Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.